



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Grao en Lingua e Literatura Galegas

A literatura do Prestige dende unha perspectiva ecocrítica

Traballo de fin de grao

Antía Rei Martiz

Director: César Domínguez Prieto

Curso 2017-2018



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Grao en Lingua e Literatura Galegas

A literatura do Prestige dende unha perspectiva ecocrítica

Traballo de fin de grao

Antía Rei Martiz 

Director: César Domínguez Prieto

Curso 2017-2018

1. Introducción	4
1.1 Estado da cuestión	5
1.2 Metodoloxía	6
2. Perspectivas ecocríticas	8
2.1 Os estudos ecocriticos no marco medioambiental actual	10
2.2 A violencia lenta e o medioambientalismo dos pobres.....	11
3. A petrocultura	16
3.1 Os estudos petroculturais e petroliterarios	17
4. O caso do Prestige	19
5. Análise dos textos	22
5.1 A crítica política.....	27
5.2 A xustiza medioambiental.....	29
5.3 A paisaxe.....	32
6. Conclusións	36
7. Referencias	39

CUBRIR ESTE FORMULARIO ELECTRONICAMENTE

Formulario de delimitación de título e resumo

Traballo de Fin de Grao curso 2017/2018




APELIDOS E NOME:	Rey Martínez, Antía
GRAO EN:	Lingua e literatura galegas
(NO CASO DE MODERNAS) ITINERARIO EN:	
TITOR/A:	César Domínguez Prieto
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	Ecocrítica

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

Título: A literatura do Prestige dende unha perspectiva ecocrítica.

Resumo: Dende a catástrofe do Prestige no ano 2002 xurdiron en Galicia diferentes manifestacións literarias que teñen como tema central a crise medioambiental que supuxo; este traballo pretende facer unha achega a esta literatura do Prestige dende un punto de vista ecocrítico. Para comezar, farase unha breve introdución ao tema, contextualizando o desastre ecolóxico nas súas coordenadas históricas e sociais e o papel da ecocrítica nos estudos literarios. A continuación, trataranse as principais teorías sobre as que se desenvolverá o traballo: dunha banda, o medioambientalismo dos pobres como unha forma de resistencia social ante a violencia lenta, permitida ou favorecida polos organismos oficiais. Doutra banda, os estudos sobre a petrocultura e a petroliteratura, que analizan en termos culturais e literarios o impacto da industria petrolífera, dende os conflitos internacionais por causa deste recurso ata os desastres asociados a el. A parte central do traballo ocuparase da análise da literatura do Prestige, en base á teoría anterior e a partir das dúas principais antoloxías nas que está recollida: *Negra sombra : intervención poética contra a marea negra* e *Alma de beiramar : a Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra*. Deste xeito, será posible estudar nos textos o discurso medioambientalista das autoras e autores galegos e o tratamento da grande crise que supuxo a marea negra.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017.

<p>Sinatura do/a interesado/a</p> 	<p>Visto e prace (sinatura do/a titor/a)</p> 	<p>Aprobado pola Comisión de Títulos de Grao con data</p> <p>15 NOV. 2017</p>  <p>Selo da Facultade de Filoloxía</p>
---	--	--

SRA. DECANA DA FACULTADE DE FILOLOXÍA (Presidenta da Comisión de Títulos de Grao)

1. Introducción

O día 13 de novembro de 2002, o barco petroleiro Prestige activou o sinal de alarma cando se atopaba preto das costas galegas, no corredor de Fisterra. Tras varios días intentando afastalo da costa para minimizar o impacto en caso de que se producise un vertido, finalmente o casco do buque partiu en dous a noite do día 19, provocando o seu afundimento. A maior parte do fuel que transportaba alcanzou, en sucesivas mareas negras, diversas zonas costeiras, dende Portugal ata Francia, sendo Galicia a rexión máis afectada. Mais este non foi o único caso en Galicia. Dende 1970 sucedéronse os accidentes do Polycommander, o Urquiola, o Andros Patria, o Casón e o Mar Exeo, que deixaron a súa pegada nos ecosistemas galegos mariños. O caso do Prestige foi o último e o máis grave desta serie de catástrofes medioambientais causadas por petroleiros nas costas galegas.

Esta non é, porén, unha realidade unicamente galega: a historia do petróleo e do seu comercio está inzada do que Robert Nixon deu en chamar «violencia lenta» (*slow violence*), unha violencia cuxos efectos se prolongan no tempo e no espazo e que normalmente é cometida contra comunidades periféricas ou minoritarias, e por isto mesmo resulta invisibilizada. O único medio de loita destas comunidades contra as grandes compañías transnacionais e as máis das veces tamén contra os gobernos é a mobilización social e a denuncia pública, expresada e difundida por autoras e autores arredor do mundo.

No caso que nos ocupa, e á altura das dimensións da catástrofe do Prestige, está o movemento social que xurdiu tras o afundimento do petroleiro, con reivindicacións ecolóxicas, sociais e políticas. Este movemento tivo tamén a súa manifestación artística. A marea negra de 2004 foi reflectida en obras creadas dende diferentes correntes artísticas, como o cinema, a música ou a fotografía. A literatura aportou poesía, novela e cómic a esta corrente. O obxectivo deste traballo é precisamente analizar as obras galegas creadas tras o desastre do Prestige que gardan relación con este para estudar os discursos de resistencia e defensa medioambiental que os escritores reflectiron nos seus textos. O corpus literario no que se centrará este traballo son dous libros de poemas, *Alma de Beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra* (AELG 2003) e *Negra Sombra: intervención poética contra a marea negra* (Avilés de Taramancos et al. 2003), por seren dúas obras colectivas que recollen textos

de moitos escritores galegos e que ofrecen polo tanto achegas a este desastre dende múltiples perspectivas.

1.1 ESTADO DA CUESTIÓN

O desastre ecolóxico provocado polo Prestige tense estudado dende diferentes disciplinas, nomeadamente dende a ecoloxía, que se ocupou do estudo e da creación de informes sobre o impacto medioambiental do vertido nas especies e nos ecosistemas. É salientable toda a produción científica producida no seo da Universidade de Vigo, que foi un centro de referencia, sobre o impacto medioambiental do Prestige, como os traballos realizados por J. A. Soriano et al. (2006) ou J. J. González et al. (2006) sobre o dano causado polos hidrocarburos na área afectada. Outros equipos, coa participación de especialistas de diferentes universidades e centros, teñen publicado estudos sobre aspectos moi diversos da marea negra, de xeito que existe unha literatura científica moi extensa sobre o caso do Prestige.

Tamén dende as ciencias sociais se ten afondado sobre o tema, ben procurando un enfoque amplo e multidisciplinar ou ben realizando estudos dende puntos de vista máis concretos: a socioloxía, a economía ou o dereito. Cómpre citar a antoloxía *Lecturas sobre el desastre del Prestige. Contribuciones desde las ciencias sociales*, un volume editado por Ricardo García Mira (2013) onde se recollen textos de autores de diferentes especialidades que tratan cuestións como a psicoloxía e a educación ambientais, o impacto económico ou as responsabilidades penais derivadas do desastre da marea negra. Teresa Barberena Fernández (2015), pola súa parte, realizou a súa tese de doutoramento «A construción do significado da protesta na crise do Prestige. Análise das axendas, os marcos e os discursos de Nunca Máis e dos medios de comunicación» sobre a cobertura informativa dada polos medios e centrada nos movementos de protesta.

En canto aos estudos literarios, son fundamentais para a análise da representación dos desastres ecolóxicos relacionados co petróleo os textos de Amitav Ghosh (1992), que introduce e desenvolve o termo de «petroficción» (*petrofiction*) para describir unha corrente literaria na que o petróleo ten un papel protagonista en «Petrofiction: The Oil Encounter and the Novel», unha crítica da novela *Cities of Salt*,

do escritor Abdulrahman Munif. Tamén cómpre facer referencia aos de Imre Szeman (2012), quen emprega o termo de Ghosh e fala tamén de *oil encounter* no seu artigo «Introduction to Focus: Petrofictions», e os de Graeme Macdonald («Oil and World Literature» e «Monstruous transformer: Petrofiction and World Literature») que desenvolve tanto a súa carreira académica como docente neste eido. A partires destas e doutras teorías da ecocrítica e máis concretamente da petrocultura, algúns autores analizaron o xeito en que as experiencias dos escritores co petróleo son articuladas nos seus textos. Entre eles atópase o traballo de Philip Onoriode Aghoghovwia (2014) sobre a delicada situación que se vive no delta do río Níxer por mor das extraccións petrolíferas que se realizan na rexión, *Ecocriticism and the Oil Encounter: Readings from the Niger Delta*. Tamén o de Camille Manfredi (2015), «Scottish Petroliterature 1993-2003: Poetics of an Oil Spill» que ofrece un estudo da petroliteratura escocesa no ámbito da poesía, e o artigo «Sublime Oilscapes: Literary Depictions of Landscapes Transformed by the Oil Industry» da autora Maria Löschnigg (2017), no que trata obras de escritores canadienses e nixerianos.

1.2 METODOLOXÍA

O estudo das antoloxías levarase a cabo analizando e clasificando os poemas de acordo co seu contido (a paisaxe marítima, a marea negra ou a resposta social, por exemplo) para estudar de que xeito son establecidas as relacións entre as voces poéticas dos autores nos textos e como estes representan os principais feitos e axentes que xogaron un papel neste desastre.

Para lograr o obxectivo deste traballo, primeiramente establecerase un marco teórico partindo das principais teorías sobre a ecocrítica, da man de Cheryl Glotfelty (1996) e Greg Garrard (2004), para expoñer o papel que os estudos ecocríticos teñen dentro das teorías literarias contemporáneas e a súa importancia no mundo actual. De seguido exporanse as teorías da «violencia lenta» e do «medioambientalismo dos pobres» de Nixon (2011) e trataranse os conceptos máis específicos da «petrocultura» e da «petroliteratura», a corrente na que se insiren as obras que se van tratar, a partir dos traballos xa mencionados de Graeme Macdonald (2012) e Imre Szeman (2012). Despois de facer unha introdución ao caso do Prestige e ao contexto social no que tiveron lugar os acontecementos, abordarase a análise das obras literarias, as antoloxías poéticas *Alma*

de Beiramar e Negra Sombra. Finalmente expóranse as conclusións tiradas do estudo do corpus literario a partir das teorías previamente tratadas, que permitirán pescudar as relacións que establece a nosa literatura coa crise medioambiental que supuxo a marea negra.

2. Perspectivas ecocríticas

A ecocrítica é unha disciplina enmarcada dentro dos estudos literarios e da teoría literaria que ten como obxecto de estudo a literatura e o medio ambiente, analizando as diferentes representacións do medio natural nos textos literarios. Segundo Cheryll Glotfelty, unha das primeiras académicas en teorizar sobre a ecocrítica, esta debe aspirar a responder cuestións como que rol xoga o medio ambiente na literatura ou de que xeito os seres humanos construímos e empregamos metáforas dos elementos naturais ou da natureza mesma e como estas representacións poden transformar a relación que mantemos co medio ambiente (Glotfelty 1996, xix). Esta cuestión pon de manifesto a importancia da lingua como produto cultural básico do ser humano e o papel que ten na nosa codificación e percepción da realidade. Outra cuestión, especialmente relevante no marco medioambiental actual, é a análise da representación da crise medioambiental contemporánea na literatura.

As orixes da ecocrítica pódense atopar ao longo da segunda metade do século XX, cando diferentes autores comezan a publicar obras de corte ecoloxista nas que exploran o papel da natureza ou da paisaxe na literatura dun determinado autor ou tradición literaria e comezan a realizarse estudos sobre a chegada dos elementos industriais á temática pastoral ou rexional, entre outros. Este é o caso de Leo Marx, quen reflexiona no seu libro de 1964 *The Machine in the Garden* sobre a irrupción da tecnoloxía e da industrialización no espazo natural ideal da literatura pastoral, unha idea xa introducida nunha época tan temperán como 1854 por Henry David Thoreau en *Walden*, onde a prístina paisaxe pastoral se ve afectada pola chegada do ferrocarril. Raymond Williams aborda o nacemento da construción da oposición entre o campo e a cidade no seu libro de 1973 *The Country and the City*. Aínda que verdadeiramente existía unha certa preocupación por parte dalgúns autores por estudar e analizar a relación entre os seres humanos e o medio ambiente ou entre a cultura e a natureza dentro dos estudos literarios, a produción de textos realizábase de forma illada e individual.

É precisamente a década de 1970 o punto a partir do que esta corrente ecolóxica comeza a consolidarse e se produce efectivamente o xiro medioambiental dentro dos estudos literarios da man de investigadores como Joseph Meeker, quen publica en 1972 *The Comedy of Survival*. Meeker explora a relación entre os estudos literarios e a

disciplina científica da ecoloxía e as posibilidades de combinar as dúas perspectivas, apuntando a unha dirección interdisciplinaria que se convertería nunha das súas características definitorias. Pola súa banda, William Rueckert é quen ten o crédito de acuñar o termo *ecocrítica* (*ecocriticism*), que foi empregado por primeira vez no seu ensaio de 1978 «Literature and Ecology: An Experiment in Ecocriticism». Este novo concepto, cunha clara vinculación co concepto de ecoloxía, foise consolidando e englobando todos aqueles traballos sobre medio ambiente e literatura.

A partir da década de 1980, a ecocrítica comeza a ter un desenvolvemento cada vez maior e aparecen diferentes iniciativas. A educación e a formación foron consideradas por moitos autores como ámbitos de actuación fundamentais, como un xeito de ofrecer formación aos estudantes que querían desenvolver o seu labor neste campo e incorporalo á vida académica. Frederick Waage publica en 1985 o seu libro *Teaching Environmental Literature: Materials, Methods, Resources*, enfocado aos cursos relacionados coa literatura medioambiental, e na década seguinte comezan a introducirse os estudos medioambientais no marco dos estudos filolóxicos. Así, a Universidade de Nevada crea no ano 1990 o primeiro posto académico de literatura e medio ambiente. A vontade de compartir, discutir e difundir o coñecemento deste campo veuse reflectida tamén na creación da *American Nature Writing Newsletter* en 1989, a Association for the Study of Literature and Environment en 1992 e a revista desta asociación, *Interdisciplinary Studies in Literature and Environment* un ano despois, cunha clara aposta pola interdisciplinabilidade destes estudos.

Dende a década de 1990 ata hoxe en día, a ecocrítica non deixou de desenvolverse e de consolidarse como unha corrente puxante dentro dos estudos literarios a través da discusión e a construción de diferentes marcos teóricos que implican unha multiplicidade de perspectivas e a súa aplicación a obras de diferentes xéneros, épocas e literaturas.

En canto á situación dos estudos ecocríticos en España, no ano 2006 creouse o grupo GIECO, vinculado ao Instituto «Benjamin Franklin» da Universidade de Alcalá. Está dirixido por Carmen Flys, quen fundou tamén a revista de ámbito europeo *Ecozon@: Revista Europea de Literatura, Cultura y Medio Ambiente*. En Galicia, a Universidade de Santiago introduciu unha materia de ecocrítica (materia de grao G5051611: Teorías literarias contemporáneas) e en 2017 botou a andar o Laboratorio

galego de ecocrítica, que se describe como «un laboratorio interdisciplinario para repensarnos as relación entre natureza e cultura en e dende Galiza». Entre os seus fundadores atópanse investigadores e académicos de moi diferentes disciplinas: ecoloxía, filosofía, botánica, bioloxía, filoloxía, zooloxía, historia, antropoloxía, didáctica da lingua e a literatura, edafoloxía e química.

2.1 OS ESTUDOS ECOCRITICOS NO MARCO MEDIOAMBIENTAL ACTUAL

Vivimos nun planeta que está a afrontar unha grave crise medioambiental, unha serie de cambios críticos que ameazan á totalidade da biosfera. Esta é, como Glen A. Love (1996, 225) nos lembra, o único espazo habitable que os seres humanos coñecemos e ocupamos:

Our present biosphere is the only habitable space we have [...], mankind now has the power to make the biosphere uninhabitable, and that it will, in fact, produce this suicidal result within a foreseeable period of time if the human population of the globe does not now take prompt and vigorous concerted action to check the pollution and the spoliation that are being inflicted upon the biosphere by short-sighted human greed.

O recordatorio de Love é evidente, pero tamén necesario. É precisamente a actividade que os seres humanos realizamos dentro deste espazo a principal causa da crise global, provocada polo noso nivel actual de desenvolvemento, industrialización e consumo.

A lista de problemas ecolóxicos nos que intervén a man humana é longa: o aumento de gases de efecto invernadoiro e o cambio climático, que causará durante os próximos séculos o progresivo quentamento global e a subida do nivel do mar; a deforestación dos bosques e a desertificación do solo, que provocan a destrución de hábitats e a perda de diversidade; a contaminación do aire, o solo e a auga e os danos aos ecosistemas que os habitan; o profundo e longo impacto da radiación producida polas armas e as centrais nucleares e os vertidos químicos, entre outros moitos feitos.

A crise medioambiental é un proceso complexo no que entran en xogo factores naturais, culturais, sociais e históricos, onde os sistemas naturais e humanos se superpoñen. Por esta razón, a ecocrítica ten un carácter fundamentalmente interdisciplinario, porque precisa poñer en contacto perspectivas de moi diferentes disciplinas, tanto das ciencias naturais como das humanísticas. Simon C. Estok, no seu artigo «An Introduction to Shakespeare and Ecocriticism», describe a ecocrítica dun

xeito amplo, como «simply the study of Nature of natural things in literature», abarcando con este termo «any theory that is committed to effecting change by analyzing the function—thematic, artistic, social, historical, ideological, theoretical, or otherwise—of the nature environment, or aspects of it, represented in documents [...] that contribute to material practices in material worlds» (Estok 2005, 109). A este respecto, Gerg Garrard (2012, 16) sostén que os problemas medioambientais «require analysis in cultural ways as well as scientific terms, because they are the outcome of an interaction between ecological knowledge of nature and its cultural inflection».

Estas definicións da disciplina poñen o foco, dunha banda, na interdisciplinariedade e, doutra, na complexa relación que temos coa natureza. As implicacións que a nosa cultura ten no xurdimento dun gran número de problemas medioambientais e a contribución que determinadas imaxes e consideracións da natureza reflectidas nos textos poden ter na realización de prácticas no mundo real. A cultura humana non pode separarse do entorno físico e afecta ao entorno tanto como é afectada por el.

Cheryl Glotfelty (1996, xx) sinala a clave da importancia da ecocrítica afirmando que o tratamento da crise «requires understanding our impact on nature as precisely as posible, but even more it requires understanding those ethical systems and using that understanding to reform them». A reforma dos sistemas éticos e culturais e das relacións que mantemos co que non é humano só pode realizarse mediante a reflexión sobre os dilemas éticos e estéticos que presenta a conxuntura actual. Ademais disto, a ecocrítica achéganos á cuestión de «how language and literature transmit values with profound ecological implications» (Glotfelty 1996, xxv) e, por tanto, axúdanos a repensarmos o noso lugar no mundo a través da literatura.

2.2 A VIOLENCIA LENTA E O MEDIOAMBIENTALISMO DOS POBRES

A violencia lenta e o medioambientalismo dos pobres son dúas teorías que constitúen unha grande achega á ecocrítica por parte de Rob Nixon. Na súa obra de 2011 *Slow Violence and the Environmentalism of the Poor*, Nixon explora estas dúas teorías, definíndoas e articulándoas en relación aos dereitos humanos e a xustiza social. Nixon (2011, 5) preséntanos o concepto da violencia lenta como «a violence that occurs

gradually and out of sight, a violence of delayed destruction that is dispersed across time and space» e marca unha oposición co concepto tradicional de violencia, «event focused, time focused and body bound». A violencia tradicional é as máis das veces espectacular e inmediata, pode ser doadamente localizada nas súas coordenadas espaciais e temporais porque remite a un evento concreto e entre as súas vítimas pódense considerar persoas, animais ou colectivos, identificables e concretos. Pola contra, a violencia lenta non constitúe un acto, senón un longo proceso característico de situacións inestables ou conflitivas que perduran no tempo e que son moito menos visibles, tales como a contaminación medioambiental ou as guerras.

A violencia lenta está presente en moitos aspectos da vida. É claramente perceptible nos períodos de guerra e de posguerra, onde as vítimas sofren desprazamentos forzados por mor dos conflitos bélicos e en moitas ocasións secuelas e doenzas crónicas. Tamén é frecuente a afección de males como o estrés postraumático, ademais do dano causado ao entorno; especialmente graves son as consecuencias tras o emprego de armas nucleares, onde as doenzas afectan mesmo a xeracións que nacen con posterioridade debido aos efectos da radiación. Pero tamén existen situacións máis preto de nós que manifestan este tipo de violencia, como a violencia de xénero ou o acoso escolar, dúas formas de abuso que se aproveitan de vítimas invisibles, que se prolongan na maior parte dos casos durante anos e que causan graves secuelas físicas e psicolóxicas.

O concepto de violencia lenta é especialmente eficaz para referírmonos a actos de agresión contra o medio ambiente, como o quentamento global producido por un imparable aumento dos gases de efecto invernadoiro, a contaminación do aire e a chuvia ácida ou a deforestación e a erosión do solo. As consecuencias deste tipo de violencia e os efectos que producen no medio natural e nos organismos desenvólvense gradualmente e son duradeiras e profundas, en moitos casos sobrepasando con moito o tempo de vida dunha xeración humana.

Nixon identifica aos axentes que exercen esta violencia entre as estruturas dominantes, como as forzas transnacionais capitalistas, e entre elas as grandes compañías do petróleo, as industrias responsables da creación e a explotación dos megaencoros e en xeral todas aquelas que «disproportionately jeopardize the livelihoods, prospects and memory banks of the global poor» (Nixon 2011, 5).

Actualmente vivimos nun mundo globalizado onde a conexión e a interdependencia entre estados é cada vez maior. Neste contexto, os estados-nación soberanos mestúranse a través de axentes internacionais, creando unha sociedade global sen estado global. Unha das características máis notables da globalización é a constitución dunha economía de mercado global de carácter neoliberal e a consolidación da sociedade de consumo. Chegamos ao punto de que existen hoxe en día empresas máis poderosas que os propios estados, que xa non teñen poder sobre a cuestión económica:

The way powerful transnational corporations exploit under cover of a free market ideology the lopsided universe of deregulation, whereby laws and loopholes are selectively applied in a marketplace a lot freer for some societies and classes than for others. A neoliberal ideology that erodes national sovereignty and turns answerability into a bewildering transnational maze makes it easier for global corporations like Union Carbide to sustain an evasive geopolitics of deferral in matters of environmental injury, remediation, and redress. (Nixon 2011, 46)

As grandes empresas transnacionais que abandeiran a ideoloxía económica neoliberal participan dun «labirinto salvaxe transnacional», aproveitando as desigualdades nas lexislacións dos mercados para exercer o seu particular xeito de explotación. Como Nixon (2011, 60) advirte, o «desconcertante labirinto transnacional» que recolle as responsabilidades ante situacións de catástrofe que antes recaía nas nacións permite a posta en marcha de estratexias evasivas baseadas no afastamento «temporal, legal, xeográfico, científico e eufemístico» da corporación coa finalidade de apartarse de calquera desastre e evitar as consecuencias derivadas das súas actividades. Este mecanismo foi o que aproveitou a compañía Union Carbide para eludir as súas responsabilidades tras un dos peores desastres vinculados á industria na cidade india de Bhopal, que provocou miles de mortos e case medio millón de afectados no ano 1984 e a contaminación de toda a área.

As prácticas que moitas destas compañías levan a cabo constitúen situacións de violencia lenta que afecta aos seres humanos, aos animais e ao medio ambiente. Non todas son catástrofes producidas por accidentes. A maior parte desta violencia cométese de xeito continuo e insidioso. Son especialmente agresivas as políticas das grandes empresas dedicadas á extracción e ao comercio de recursos naturais para a obtención de enerxía. Unha das principais consecuencias que teñen estas situacións para as comunidades humanas é a dos desprazamentos forzados de poboación. En moitos casos, como nas mobilizacións de comunidades humanas enteiras para a reutilización do seu

territorio, como é o caso da construción de encoros, non é posible volver a el. Isto leva consigo a desaparición de modos de vida tradicionais vinculados á terra e desenvolvidos nela durante moitas xeracións e a destrución de espazos, tanto de espazos individuais e íntimos coma de espazos colectivos de memoria. Aínda que é frecuente que a resistencia ao desprazamento teña repercusións, o certo é que unha vez realizado as máis das veces é esquecido, e as vítimas son invisibilizadas polos medios e as institucións e esquecidas polo mundo, ficando anónimas e silenciadas. Son consideradas pola industria o que Nixon chama *disposable casualties*, vítimas colaterais das grandes corporacións económicas mundiais que, dende a súa posición central, levan a cabo as súas prácticas violentas na periferia.

O confronto da violencia lenta ten que ser realizado dende varios puntos e, como na ecocrítica, precísase dun traballo interdisciplinario. Dunha banda, existen problemas a nivel político e legal que deben ser solventados. Xeralmente, as vítimas son comunidades pertencentes aos «pobres», cunha escaseza importante de recursos de tipo económico e social e precariamente conectadas co mundo, co que as súas posibilidades de obter visibilización e recoñecemento para o seu problema son mínimas. Esta situación de precariedade vese agravada polo inmenso poder das empresas transnacionais, que poden actuar con impunidad e en ocasións mesmo coa complicidade dos gobernos.

Doutra banda, existe un problema de representación que dificulta o seu tratamento. É preciso sacar a violencia lenta da súa condición de anónima e imperceptible, facéndoa accesible para o seu estudo científico e social: «to apprehend—to arrest, or at least mitigate—often imperceptible threats requires rendering them apprehensible to the sense through the work of scientific and imaginative testimony» (Nixon 2011, 14). Esta é unha tarefa do medioambientalismo dos pobres, que, da man dos escritores activistas, dá a coñecer a súa situación, integrando unha reflexión sobre os imperios multinacionais, a política e os discursos da resistencia cun criterio estético. En moitos destes textos crítícanse os actuais modelos de explotación e actividade económica e cuestionan o nivel de consumismo en relación coa sostibilidade futura do planeta e dos ecosistemas dos que as xeracións futuras van depender.

Este medioambientalismo denuncia a situación que viven moitas comunidades debido á tensión existente entre «the natural origin of the nation's finite collective

wealth and the private destiny of its social appropriation» (Nixon 2011, 81). Non só é frecuente que a nación afectada non poida aproveitarse dos bens materiais obtidos no seu territorio, senón que o control deste comercio é fonte de conflitos e de réximes ditatoriais.

3. A petrocultura

O petróleo é unha substancia omnipresente na nosa sociedade. A industria petroquímica e os derivados do petróleo forman parte da nosa vida diaria: os combustibles dos nosos coches, dos autobuses, dos transportes marítimos e aéreos, o asfalto sobre o que nos movemos, a fonte de enerxía que nos permite ter calefacción e auga quente. Tamén son derivados os combustibles e os lubricantes, que son imprescindibles para o funcionamento da maquinaria industrial, a maioría de plásticos, pinturas, vernices e deterxentes, e é un poderoso aliado da industria agrícola, que aumentou o seu nivel de produtividade grazas ao desenvolvemento de nova maquinaria que emprega combustibles derivados e dos pesticidas e fertilizantes químicos. O estándar actual de vida mantido na nosa sociedade é completamente dependente deste recurso.

Pero este recurso que permite o mantemento dos nosos estilos de vida tamén é unha fonte de problemas: a emisión de gases na combustión dos derivados do petróleo (coma a gasolina ou o gasóleo), especialmente de dióxido de carbono, contribúe de xeito alarmante á acumulación de gases de efecto invernadoiro, responsables en gran medida do cambio climático. Unha segunda causa de problemas ecolóxicos son os vertidos, tanto os das grandes catástrofes coma os que se producen de xeito frecuente durante a extracción e o transporte do petróleo, que causan un grande impacto no entorno afectado, xa que os seus compoñentes son altamente contaminantes e moi difíciles de neutralizar. Por último, o control dos xacementos petrolíferos, das reservas do cru e das súas principais rutas de transporte e distribución é un importante valor económico, político e estratéxico. As tensións xeradas en torno a este control son en moitos casos causa de conflitos, tanto locais (terrorismo) como internacionais (conflitos bélicos).

A historia dos sistemas enerxéticos está conectada coa historia cultural. Frederick Buell (2012, 274) afirma que a historia da enerxía «is in fact entwined with changing cultural conceptualizations and representations of psyche, body, society, and environment». Aínda que o petróleo xa era coñecido e empregado hai milenios por algunhas culturas, o punto de inflexión produciuse en 1859, cando o estadounidense Edwin Drake conseguiu perforar un pozo de petróleo cunha máquina da súa invención. Estaba comezando unha revolución na extracción do cru, que rapidamente se expandiu á industria, a sociedade e a cultura. Chegado o século XX, o petróleo deveu nun axente de

cambio social, permitindo non só un desenvolvemento industrial e unha expansión demográfica descoñecidos ata entón, senón unha reformulación das formas de vida: «it changed into what people dressed in, evacuated into, viewed, and even ate, not just what they put into their power machinery» (Buell 2012, 290).

3.1 OS ESTUDOS PETROCULTURAI E PETROLITERARIOS

Os estudos petroculturais e petroliterarios buscan analizar na cultura e na literatura as implicacións que teñen o petróleo e as actividades relacionadas con este na vida dos seres humanos, tanto nas comunidades que se ven directamente afectadas por procesos de prospección, extracción e transporte como na conformación do contexto sociopolítico nestas zonas e, dun xeito máis amplo, que implicacións teñen para as sociedades e para a natureza aspectos relacionados co petróleo, como a contaminación ou as catástrofes producidas de xeito accidental.

A petrocritic may be someone looking to say something about texts about oil; she may also be looking for oil in cultural places where it is otherwise unspoken or unspeakable, at once too close, too far, and too immense to be immediately perceptible; and she may be looking, in fictions, for the profoundly uneven distribution of oil's benefits and consequences to peoples and territories around the globe. (Rubinstein 2014)

Amitav Ghosh (1992) constata que o universo do petróleo está moi pouco representado na literatura, tendo en conta a importancia que este ten no noso mundo, e suxire que este silencio se debe a que os protagonistas a nivel mundial do *oil encounter* (Estados Unidos e os países do golfo pérsico) sofren unha vergoña indíxica debido a esta situación. Esta vergoña é provocada pola dependencia que os países teñen do estranxeiro, do alleo a eles mesmos, pola incerteza económica ligada a esta dependencia, as campañas militares e como consecuencia as numerosas vítimas, a ameaza sempre presente do esgotamento do petróleo e máis recentemente o inminente risco de catástrofe medioambiental.

A do petróleo é unha verdade incómoda, pero é cada vez máis representada dende un amplo número de xéneros e aproximacións, dende diferentes produtos culturais ata os estudos académicos, que nos fan reflexionar e tomar consciencia deste problema global. Non existe unha definición pechada do obxecto de estudo da *oil literature* nin de que obras forman parte dela, xa que para algúns autores como Graeme

MacDonald (2012, 31) «all modern writing is premised on both the promise and the hidden costs and benefits of hydrocarbon culture». Seguindo esta afirmación, dende os estudos petroliterarios aínda quedaría por estudar a influencia do petróleo e da «cultura dos hidrocarburos» dun xeito amplo na literatura, incluíndo obras nas que non hai referencias explícitas, pero que están localizadas en culturas nas que o súa pegada é evidente.

Para Imre Szeman (2012, 3), as mellores obras producidas son as que entenden o petróleo «not as a social problem to be ameliorated, but as a core element of our societies». A vontade de outorgarlle na obra literaria o papel central que o petróleo ten nas nosas vidas é unha das características da literatura do petróleo. MacDonald apunta outras cuestións comúns a estes textos: unha delas sería a perspectiva ecolóxica, cunha preocupación manifesta pola xustiza medioambiental e mantendo neste aspecto un diálogo constante cos debates ecolóxicos e medioambientalistas. Outros elementos que inclúen frecuentemente estes textos son a representación das tensións e os conflitos nas zonas afectadas, a violencia armada, a destrución do medio ambiente e a corrupción política. Outro aspecto que caracteriza a *oil literature* é que está enmarcada dentro da literatura mundial: «oil literature is simultaneously global and domestic. As a world resource, however unevenly distributed, oil, like world literature, has an unequal movement and an uneven development because of the hierarchy of nation-states in the world systems that consume and produce it in varying levels» (MacDonald 2012, 31).

4. O caso do Prestige

O Prestige foi un buque petroleiro monocasco que afundi fronte ás costas de Galicia o día 19 de novembro do 2002 mentres transportaba unha carga de case 77.000 toneladas de cru en dirección a Singapur. O afundimento do barco provocou sucesivas mareas negras que contaminaron amplas zonas costeiras dende Portugal ata Francia, e especialmente o litoral galego.

O día 13 de novembro de 2002, tras sufrir unha colisión, presumiblemente cun contedor á deriva, a tripulación do petroleiro decatouse de que o casco do buque presentaba unha fenda pola que comezaba a verterse parte da carga de cru ao mar. O centro de salvamento de Fisterra preparouse para levar a cabo a evacuación da tripulación, e as manobras para rescatar o barco comezaron ao día seguinte. Malia que armadores e expertos en rescates de buques aconsellaban achegalo a porto para realizar un transvasamento da carga, o capitán recibiu a orde de dirixir o Prestige mar a fóra por parte das autoridades gobernamentais, que esperaban reducir así o impacto da vertedura que xa se tiña por segura. Durante uns días de rumbo errático, nos que o petroleiro foi detido e logo remolcado en diferentes direccións, Xosé Manuel Beiras (2003, 12) recolleu que o Prestige foi deixando ao seu paso «unha cantidade de fuel que se estimaba entre 10 e 122.000 toneladas», parte das cales comezaría a chegar á costa a partir do día 16 de novembro. O percorrido do Prestige rematou finalmente o día 19, cando rompeu en dúas metades que acabaron por afundir liberando unha gran cantidade de cru no mar, que provocou a chegada da marea negra ás zonas costeiras en sucesivas vagas. Estímase a cantidade total de fuel vertido en máis de 60.000 toneladas, que afectaron os ecosistemas mariños e costeiros, contaminando as zonas e provocando uns altos índices de mortalidade entre a fauna. A marea negra producida pola vertedura do Prestige convertiuse no desastre medioambiental máis grande non só de España, senón tamén de Europa.

Durante toda esta crise, as autoridades do goberno español non deixaron de intentar minimizar nas súas declaracións o impacto da catástrofe, evitando falar de marea negra. O Ministro de agricultura declarou o día 16 que «la rápida intervención de las autoridades españolas alejando el barco de las costas ha permitido que no temamos una catástrofe ecológica ni grandes problemas para los recursos pesqueros» (citado en Beiras 2003, 11). A liña do negacionismo do desastre seguiu a ser a mantida polo

discurso oficial mesmo despois do afundimento e a chegada da marea negra a centos de quilómetros de costa, e tanto o goberno central coma o propio goberno galego transmitiron a idea de estar falando dun incidente menor. Tras o afundimento seguiu saíndo fuel do buque, como amosaron as imaxes do Nautilo, un batiscafo francés empregado para comprobar o estado do casco e as posibles fugas. Mariano Rajoy, entón voceiro do Goberno, realizou unha sonada declaración onde describe ditas fugas como «unos hilos de pasta de fuel, con aspecto de plastilina» (*El País*, 7 de decembro de 2002). Estas afirmacións non só distorsionaron a realidade, senón que foron un claro desprezo á poboación das zonas afectadas, aos mariñeiros e aos voluntarios que comezaban a chegar para a limpeza do mar e das praias e a recollida dos animais afectados, todos eles expostos ás substancias perigosas presentes no cru. Dada esta postura de desinformación dos responsables estatais, a sociedade galega volveuse ás informacións e aos datos ofrecidos pola empresa francesa Cedre, especializada na xestión de crises por contaminación accidental da auga, e polo Instituto Hidrográfico da Mariña Portuguesa, dous países que seguiron o desenvolvemento da marea negra, que tamén alcanzou as súas costas.

O Prestige facía uso dunha bandeira de conveniencia, unha ‘bandeira que leva un navío, diferente da do país do seu propietario, polas vantaxes ou privilexios que isto lle supón’ (DRAG). Posto que os barcos mercantes están sometidos á lexislación e ao pago de taxas fiscais no país de rexistro, moitas empresas rexistran os seus buques en países que normalmente contan con regulacións máis laxas e menores impostos cos propios. Segundo John H. Trevathan (2016, 36), o Prestige era un produto das estratexias deslocalizadoras propia das grandes corporacións de carácter globalizante:

the twenty-six year old ship was built by Hitachi Shipbuilding and Engineering in Japan and sailed under a Bahamian flag. It was registered in the port of Nassau and owned by the Liberian cooperation Mare Shipping, managed by the Greek company Universe Maritime, and insured by the London Steamship Owners Mutual Insurance. This litany of facts expresses the almost absurd sense in which the Prestige is an object *inscribed* with global phenomena [...] The Prestige, then, becomes paradigmatic of risk within late capital: its danger is from nowhere potentially affecting anywhere.

Pódese falar de violencia lenta en Galicia a causa do petróleo. O Prestige foi só o último caso dunha longa lista de accidentes de buques petroleiros que portaban cargas con substancias contaminantes. O Polycommander encallou na ría de Vigo en 1970; o Urquiola na Coruña en 1976; o Andros Patria incendiouse preto das Illas Sisargas en

1978 e o Aegean Sea afundiú tamén na Coruña en 1992. Todos eles portaban diferentes derivados do petróleo e parte das súas cargas acabou por verterse no mar, formando mareas negras que afectaron os ecosistemas das rías e as zonas costeiras. Esta cadea de afundimentos e desastres ecolóxicos denotan un problema estrutural. Nestes casos, coma no último do Prestige, quedaron en evidencia varias carencias: a dunhas medidas axeitadas para asegurar as boas condicións dos petroleiros en activo e para impedir que aqueles que teñen problemas na súa estrutura sigan coa súa actividade; a dun plan de emerxencia que permitise actuar nas primeiras horas despois do accidente para mitigar os graves danos provocados polas mareas negras; a dunha xestión axeitada dos corredores marítimos transitados por barcos con mercadorías perigosas, que deberían navegar máis lonxe das costas; e a dunhas figuras de autoridade implicadas que comunicasen os datos reais, sen manipulación de ningún tipo.

5. Análise dos textos

As dúas antoloxías poéticas que serán analizadas neste traballo, *Negra Sombra. Intervención poética contra a marea negra* e *Alma de Beiramar. A Asociación de escritores en lingua galega contra a marea negra*, constitúen unha importante achega da literatura galega á petroliteratura, xa que recollen os textos de moitos autores galegos que quixeron contribuír coa súa escrita a visibilizar e denunciar o accidente do Prestige e a situación de inxustiza e desamparo sentida por unha gran parte da sociedade, como demostraron as diferentes manifestacións e plataformas xurdidas a raíz desta catástrofe.

Dita catástrofe constitúe o tema central de *Negra Sombra* e *Alma de Beiramar*, mais cada un dos autores que participaron nestes proxectos fai a súa particular e individual achega, de forma que no conxunto dos poemas quedan reflectidas múltiples perspectivas e enfoques sobre o desastre. A continuación analizaranse as obras propostas e serán expostas as principais liñas temáticas que os poetas galegos escolleron para falar da marea negra.

Os propios títulos dos libros son moi significativos, xa que dan conta da dimensión colectiva e crítica das obras. *Negra Sombra. Intervención poética contra a marea negra* enlaza coa tradición literaria galega ao escoller como elemento principal a imaxe da «negra sombra» que Rosalía de Castro emprega nun poema do seu libro de 1880 *Follas Novas*. A «negra sombra» é un dos símbolos principais da escritora e un dos máis recoñecidos dentro da literatura e da cultura galegas debido á súa forza expresiva e aos debates que suscitou o seu significado. No poema de Rosalía, esta sombra volve do pasado para atormentar á voz poética, identificada como a propia autora, ata o punto de que a sombra se fai omnipresente: «en todo estás e ti es todo», e mesmo remata por integrarse coa voz: «pra min e en min mesma moras» (Castro 1880, 88). É por tanto unha imaxe da dor, dun mal que sempre volve, impregnando todos os aspectos da vida e do que é imposible fuxir. Rob Nixon recorre a outra «sombra» literaria para abordar o desafío representacional da violencia lenta, a dificultade de visibilizar e dar forma á problemática da crise medioambiental. Trátase da empregada por Rachel Carson no seu libro de 1962 *Silent Spring* para facer referencia á ameaza que supón o emprego de pesticidas e outros axentes químicos de maneira descontrolada para o medioambiente e para a saúde das persoas, «a shadow that is no less ominous because it is formless and obscure» (citado en Nixon 2010, 10). Nixon (2010, 10) sostén que para confrontar a

violencia lenta é necesario facela aprehensible e unha das estratexias para a representación das ameazas é a creación de «iconic symbols that embody amorphous calamities as well as narrative forms that infuse those symbols». A «negra sombra» presente no título é un símbolo que, como aquela «informe e escura» de Carson, simboliza unha ameaza igualmente escura e sen forma, cun poder destrutivo e prolongado no espazo e no tempo e que non ten fronteiras nin límites ben definidos, porque as súas causas e as súas consecuencias son múltiples e complexas. A esta dimensión hai que sumarlle toda a carga simbólica que implica empregar a figura rosaliana, unha sombra omnipresente no canon literario e que aparece de xeito recorrente.

Doutra banda, o subtítulo «intervención poética» alude a unha vertente da poesía social e combativa, con vontade de levar a cabo unha actuación efectiva no problema da marea negra a través da literatura, como se indica no seu limiar anónimo, «pensada e feita con esa vocación de intervención cultural que nos caracteriza» (Avilés de Taramancos et al. 2003, 6). O subtítulo da outra antoloxía, *A Asociación de Escritores en Lingua Galega contra a marea negra*, pon de manifesto a orixe colectiva do proxecto e a vontade de combater o desastre dende a unión e dende a literatura. A creación poética revélase como un acto de protesta, denuncia, revolución, e as dúas antoloxías nas que esta é recollida conforman un espazo colectivo onde os escritores galegos constrúen o discurso poético e reivindicativo contra a crise do Prestige.

A dimensión simbólica da que fala Nixon está presente en moitos dos poemas, que empregan en moitas ocasións figuras relacionadas co escuro e as sombras para referirse á realidade da marea negra. Entre elas está a empregada por Xoán Abeleira «Naufraga o grande espectro / sen afundirse nunca» (Avilés de Taramancos et al. 2003, 9; Xoán Abeleira, «A balea morta») e as escollidas por Emma Pedreira e Xesús Pereiras para nomear as súas poesías, «Sombra tóxica» e «Tributos á besta negra» (Avilés de Taramancos et al. 2003; 149 e 150). Estas tres imaxes remiten inequívoca e inevitablemente á negra sombra. O «grande espectro» é como a negra sombra; o espectro implica as ideas de morte e escuridade e, ao igual que aquela, dunha entidade que non ten existencia material nin contornos delimitados e cuxo fin non é outro que o tormento dos vivos. Emma Pedreira tamén recorre á imaxinería da sombra, neste caso atribuíndolle a toxicidade do fuel vertido polo Prestige, mentres que Xesús Pereiras fai un xogo de palabras coa expresión «besta negra», que mestura as ideas da bestialidade e

da marea negra nunha expresión que fai referencia a un feito que é causa dun forte rexeitamento, neste caso o chapapote que contamina o mar e leva a morte ás costas galegas. Unha figura máis orixinal é a asinada por Alfonso Armada —«Unha marea negra / é unha radiografía do mal» (Avilés de Taramancos et al. 2003, 37; Alfonso Armada, «Opio galego»), que pon de manifesto o complexo entramado que hai detrás dunha catástrofe destas dimensións. O vertido convértese entón nunha fotografía interna do «mal», encarnado por un sistema económico e político enfermo.

O enorme impacto que tivo a marea negra, tanto no mar como na flora e fauna dos ecosistemas mariños e na vida das poboacións costeiras, unido á mala xestión política e a posta en primeiro plano dos problemas relacionados coa extracción e o transporte do petróleo levaron a un movemento de protesta e denuncia. Este movemento xurdiu para denunciar e buscar respostas á inxustiza, á contaminación do mar é á cuestión da responsabilidade política. Este movemento social e popular, coñecido co nome da «Marea branca», e a plataforma constituída a raíz desta, «Nunca Máis», son protagonistas dalgúns poemas. Manuel María escribe: «e o meu povo sigue loitando sen descanso / contra a súa destrución monstruosa», recollendo nestes versos a incansable loita contra a violencia lenta que afecta as zonas costeiras e o mar, a causa dun «capitalismo porco, vil, / globalizado, arrepiente, demoníaco, / enxendrador de odio, dor, guerras, crimes, / indignidade, fame, pobreza, inxustiza, / desigualdade, enfermidade e miseria» (Avilés de Taramancos et al. 2003, 116; Manuel María, «Crónica certa do de\$prest&(l)ixo do prest&&(l)lixo»). O pobo loita contra un sistema mundial establecido e todopodoroso, pero para María Xosé Queizán o movemento social é moito máis forte cá ameaza: “nada poderá a marea negra contra a marea humana” (Avilés de Taramancos et al. 2003, 157; María Xosé Queizán, «¡Como nos doe a ferida do mar!»).

Algúns autores toman como punto de partida para os seus textos poemas que pola súa sona e importancia funcionan como auténticos símbolos da cultura galega e da resistencia. Entre eles, Camilo Franco recolle o libro *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro, publicado por primeira vez en 1962. Este libro constitúe unha peza clave para entender a literatura galega de posguerra e foi dentro da cultura galega un símbolo da represión franquista. Franco emprega a obra de Celso Emilio como referente para o seu texto, titulado «Longa noite de fuel», no que expón a tiranía da industria petroleira e chama á rebelión «contra esta longa noite de fuel que padecemos» (AELG

2003, 25; Camilo Franco, «Longa noite de fuel»). Outro escritor de referencia é Eduardo Pondal, figura imprescindible no rexurdimento da cultura e da lingua galega. Gonzalo Navaza dialoga coa chamada que fai Pondal no poema *Os Pinos* ao espertar de Galicia: «é un pobo que sae do sono para dicirlle ó mundo que / nós aínda somos quen somos, e somos un pobo en pé / negándose ó fado triste que nos tiñan deseñado» (Avilés de Taramancos et al. 2003, 128; Gonzalo Navaza, «Crónica»).

A outra teoría fundamental proposta por Nixon é a que denominou «medioambientalismo dos pobres». Esta teoría está construída esencialmente sobre a situación medioambiental que se vive en moitos dos países do chamado «Sur Global», que engloba as rexións menos desenvolvidas, xeralmente cunha historia marcada polo colonialismo e unha distribución moi desigual en canto a benestar social e económico, riqueza e acceso aos recursos, mais pode ser extensible a outras rexións que, se ben quedan fóra xeograficamente deste ámbito, se atopan nunha situación semellante respecto do país ao que pertencen. Historicamente, dende a política e a cultura galegas denunciouse a situación de atraso económico e social vivida en Galicia como resultado da súa posición periférica dentro do Estado español, moitas veces expresándoa en termos de colonialismo interior. Esta teoría foi desenvolvida por Robert Lafont en 1967 no seu libro *La Révolution régionaliste*, onde explora o subdesenvolvemento rexional nas comunidades marxinais de países desenvolvidos en termos de colonialismo. En Galicia esta idea rexístrase xa en 1842, cando Antolín Faraldo proclama a constitución da Junta Superior Provisional de Gobierno de Galicia dentro do levantamento encabezado por Miguel Solís contra o goberno de Narváez e fala dunha Galicia «convertida en una verdadera colonia de la corte». Dende a proclama de Faraldo a idea de Galicia como unha nación colonial aparece con frecuencia na obra de escritores comprometidos coa cultura galega, como Rosalía de Castro ou Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, foi unha das cernas do discurso nacionalista e hoxe en día segue a estar vixente.

Nas dúas antoloxías está moi presente este tema. Fran Alonso escribe que «non somos excedente do centro, que nos non existe» (Avilés de Taramancos et al. 2003, 13; Fran Alonso, «Autocollage para un mar de piche»), reflectindo no seu poema a situación de abandono a que o pobo galego está sometido, levándoa á súa máxima expresión na condición de non-existencia que parece ter, moi especialmente no que foi a

xestión da crise do Prestige. Outra visión igualmente dramática do abandono de Galicia, en clave retranqueira, é a que ofrece Margarita Ledo:

Fala para outros nunha fala que pola primeira vez presinte que lle deixa dicer

como a própia palabra en directo:

«E será que España non ten mar...»

dubida,

«e será que a deixou olvidada» (Avilés de Taramancos et al. 2003, 108; Margarita Ledo, «Areia»)

Ledo xoga coa intertextualidade no seu poema e constrúeo arredor de dous temas. En primeiro lugar, escolle para encabezar o seu texto unha cita do poema «Castellanos de Castilla» de Rosalía de Castro: «Que o mar deixoute olvidada». O outro tema é a declaración dun neno malpicán, que tras o desastre que a marea negra supuxo na súa vila preguntou nunha entrevista televisiva se é que España non tiña mar por mor da escasa axuda prestada polo goberno. Malia que entre eles pasou case un século e medio, Ledo artícuílaos e transmite unha idea de continuidade, xa que Rosalía e o neno dialogan no seu poema sobre unha Galicia que foi esquecida por España e, dende esta posición periférica, acaba por sentirse finalmente fóra do sistema.

A cuestión colonial é tratada explicitamente por Manuel Vidal (AELG 2003, 71; Manuel Vidal, «Negra maré»):

para que os pronomes sempre *in nómine* nunca

[ignorado denunciencin miseria

colonial que foi e sabemos a loucura tirana

[enmudecedora do chapapote

Neste poema, Vidal enmarca a crise do Prestige dentro dun sistema colonial e tiránico dende o que se exerce un dominio non só político e económico, senón tamén informativo. O goberno levou a cabo unha campaña de desinformación durante a crise que desenvolveu mediante a manipulación de datos, a minusvaloración dos feitos e do impacto da marea negra e mesmo a presión sobre os medios de comunicación oficiais para que seguisen este discurso.

Unhas liñas que sintetizan as ideas tratadas anteriormente son as de Domingo Tabuyo: «cando morreu o mar, mudaron os reflexos verdes dos teus ollos, mentras falabamos da existencia do Sur económico e político, da invernía perenne dos países periferia, das débedas da Historia» (Avilés de Taramancos et al. 2003, 193; Domingo Tabuyo, «Cando morreu o mar»). A morte do mar é consecuencia directa do sistema

político, económico e social que opera a nivel global permitindo a división entre o Norte e o Sur. Neste, os países atópanse en condicións de subdesenvolvemento que é moi difícil superar. Tabuyo emprega un enfoque amplo para situar a Galicia dentro do marco dos países periféricos e conectar o desastre medioambiental que supuxo a crise do Prestige con outras experiencias semellantes e compartidas por outras rexións historicamente esquecidas.

5.1 A CRÍTICA POLÍTICA

A xestión da crise ecolóxica, económica, social e política que supuxo o desastre do Prestige tivo importantes repercusións no panorama político. Aínda que non foi a única causa, si foi decisiva para que a comunidade galega escollese un cambio de rumbo político nas seguintes eleccións, celebradas en xuño de 2005, e que significaron a fin dun goberno que levaba dezaseis anos no poder. A partir deste momento, o goberno do Partido Popular de Galicia (PPdeG) foi substituído por un bipartito formado polos principais partidos da oposición: o Partido dos Socialistas de Galicia, afiliado ao estatal Partido Socialista Obrero Español (PSdeG–PSOE) e o Bloque Nacionalista Galego (BNG). Estes resultados xa viñan precedidos dun cambio tamén a nivel estatal producido o ano anterior cando, nas eleccións xerais de marzo de 2004, o PSOE se impuxera sobre o Partido Popular, que gobernara durante as dúas lexislaturas anteriores. Xabier Cordal converte en elementos centrais do seu poema aos membros da cúpula dos gobernos implicados, citando ao delegado do Goberno en Galicia, o presidente da Xunta de Galicia, o presidente do goberno, o seu vicepresidente e voceiro e o conselleiro de cultura, todos eles do mesmo partido político e responsables da xestión da crise:

ARSENIO FERNÁNDEZ DE MESA, MANUEL FRAGA,
JOSÉ MARÍA AZNAR, MARIANO RAJOY,
PSOE-EXEO, PSOE-CASÓN, POETAS DO LÁUDANO,
POETAS DO PACTO, ESCRITORES ORGÁNICOS DE PÉREZ VARELA,
GRAVAMOS O VOSO FINAL EN VÍDEO DOMÉSTICO. (Avilés de
Taramancos et al. 2003, 55; Xabier Cordal)

A mención do Exeo e o Casón fai referencia a outros dous desastres provocados por buques con mercancías perigosas. O primeiro foi un petroleiro accidentado preto de A Coruña no ano 1992 e causou un vertido de fuel ao mar, mentres que o segundo

transportaba unha carga de produtos tóxicos e inflamables que se incendiou en Fisterra no ano 1987. Cordal sinala deste xeito os persoeiros e formacións políticas sobre as que el coida que recae a responsabilidade destes acontecementos, especialmente aos que tiveron un papel na crise do Prestige e que están incluídos no poema con nomes e apelidos. A referencia ao final destes é profética, como amosaron os resultados electorais nas eleccións de 2004 e 2005 e os cambios na cúpula do partido, xa que tanto José María Aznar como Manuel Fraga perderon no só o goberno senón tamén os seus cargos na dirección deste.

A crítica en moitos casos non se limita soamente ás personalidades ou os partidos políticos, senón que ten un carácter moito máis profundo e ataca a raíz do propio sistema do Estado. Nestes poemas quedan reflectidos a vontade e o discurso de autodeterminación defendido por algúns sectores políticos e culturais de Galicia:

Fano eles [...]
os que desafían os conceptos de pobo e soño institucionais,
os que desafían o suicidio Estado Español,
os pútridos salóns da Monarquía,
os que desafían o feixismo. (Avilés de Taramancos et al. 2003, 31; Anxo Angueira)

Anxo Angueira constrúe este poema intitulado mediante a contraposición dos actores políticos e institucionais, inactivos e protagonistas pasivos deste texto, e «eles», os que actúan na periferia do sistema. Isto reflicte unha separación entre o pobo real e o concepto de pobo institucional, un ideal que responde a un proxecto de identidade nacional que parte dos órganos estatais e que fica lonxe da xente e das súas circunstancias. Precisamente, un dos principais subtemas dentro da crítica política é a inacción do goberno unha vez producida a vertedura e a falta de medios para facer fronte á ameaza. Das tarefas de limpeza e recuperación do litoral e dos animais afectados encargáronse grupos de voluntarios coordinados por colectivos ecoloxistas e asociacións civís. Vítor Vaqueiro ilustra esta reivindicación co uso da retranscrición, e asina un texto de carácter utópico que emprega o poder da literatura de ficción para construír narracións paralelas e diverxentes á realidade:

Como nos vellos casos do *Urquiola*, *Casón*, *Andros Patria*, *Erkowit* e *Mar Exeo*, ficaba a patria a salvo por mor da competencia das autoridades que, a partir da desfeita do *Polycommander*, artellaran medidas para a calamidade nunca máis alagar as costas da Galiza. (Avilés de Taramancos et al. 2003, 194; Vítor Vaqueiro, «A consciencia dun goberno»)

A crítica neste fragmento vai dirixida á falta de medios e de plans de emerxencia que permitan actuacións rápidas e efectivas neste tipo de casos, a pesares da longa historia de accidentes marítimos sufridos en Galicia. A demanda dun goberno coma o retratado por Vaqueiro, «leal a respecto da obriga contraída coa masa de votantes que neles depositara a súa confianza», é un dos eixos vertebradores das reivindicacións canto ás actuacións políticas, que deixaron nunha situación de desamparo a unha grande parte da sociedade galega, e que levaron á perda de confianza nos gobernos responsables e a conseguinte retirada de apoio social.

5.2 A XUSTIZA MEDIOAMBIENTAL

A xustiza medioambiental está construída sobre a intersección das preocupacións ecolóxicas e sociais, e por esta razón xogan un papel fundamental as estruturas sociais e os sistemas políticos das diferentes culturas ás que se aplica, xa que estes dous factores van condicionar non só o desigual reparto dos recursos e da riqueza senón tamén a distribución das inxustizas medioambientais e limitarán o acceso das comunidades afectadas á xustiza.

A preocupación polo estado e conservación da natureza pode verse nas obras dalgúns autores do século XIX, onde tamén se localizan as orixes da escritura naturista que constitúe o xermolo da ecocrítica, como Henry David Thoreau ou John Muir nos Estados Unidos. Esta consciencia pola preservación do medio fíxose extensible do medio natural ao entorno mediado polo ser humano, ata que as reivindicacións dos movementos activistas que tiveron lugar nos Estados Unidos na década de 1980 sentaron as bases para o que hoxe en día coñecemos como xustiza medioambiental. No First National People of Color Environment Leadership Summit, celebrado en 1991, establecéronse uns principios básicos para a xustiza ambiental, que tiveron repercusións en debates posteriores sobre esta cuestión e no desenvolvemento de políticas destinadas a mellorar a protección da natureza e das persoas en risco de sufrir este tipo de inxustizas. Entre estes principios están o recoñecemento do valor da terra e a natureza e o seu respecto, a interconexión e interdependencia de todas as especies e o dereito á non destrución ecolóxica. Ademais establecen a oposición do movemento aos actos de destrución e dan un paso importante na consideración destas ameazas expoñendo que a

comisión de inxustizas medioambientais por parte das grandes multinacionais e dos gobernos son unha violación contra os dereitos humanos.

Carmen Flys Junquera sinala no seu texto de 2010 «Literatura, crítica y justicia medioambiental» unha serie de características e recursos literarios que están presentes en textos deste xénero e que son tratados pola corrente da xustiza medioambiental dentro do marco da ecocrítica.

O primeiro é un cambio de perspectiva que non é posible nin nos textos técnicos ecolóxicos nin nos xurídicos, pero si na literatura: é o cambio producido ao dotar de voz ao non-humano e situar ao lector neste punto de vista. Este «cambio de paradigma cultural implica una nueva forma de ver y creer y ser en el mundo con un posicionamiento ético distinto» (Flys Junquera 2010, 115). A dificultade deste recurso é crear unha voz crible e realista, afastada do xeito de facer falar aos seres non-humanos propio do estilo fabulístico, onde realmente é unha voz humana atribuída a un animal. A voz do mar está representada en *Negra Sombra* e *Alma de Beiramar* por autoras como Pilar Pallarés, quen emprega no seu poema unha primeira persoa allea e pretendidamente ficcional para asumir a voz dun mar que sofre:

a ira dos homes desabou sobre nós
trousou nesta riveira a súa cobiza.
[...] Agora expio en min o erro dos homes,
pago coa miña dor a culpa deles
e preparo a vinganza: este silencio,
esta desolación, a sua soidade. (Avilés de Taramancos et al. 2003, 143; Pilar Pallarés)

O mar emprega nos primeiros versos a persoa plural para englobar á totalidade da vida que sustenta e opoñendo a acción do ser humano á existencia libre de contaminación e de explotación da que gozaban antes da súa chegada e a súa dominación sobre a natureza. O poema reflicte unha concepción circular da vida, do mar e dos desastres a través do paralelismo co movemento das mareas e a resistencia da natureza ante este tipo de ameazas. O desenvolvemento do mar é levado a cabo dun xeito realista, ata chegar finalmente a voz poética a establecer os termos da súa vinganza, un acto especificamente humano, pero concibida neste caso en termos pacíficos e de resistencia.

Xabier Paz outórgalle tamén ao mar a voz poética. A súa concepción do mar é a dunha entidade dotada de voz e de sentimento, cunha capacidade de acción moi limitada:

acollo as mans dos vosos corazóns
limpando o noxo crú
destes labios da terra
onde trouso a pezoña
e agardando o voso berro contra a Besta (AELG 2003, 147; Xabier Paz, «Presaxio»)

No derradeiro verso a voz poética do mar fai unha apelación directa ao conxunto dos seres humanos dirixida a procurar a concienciación e a actuación medioambientalistas. Esta chamada reflicte unha das preocupacións centrais da xustiza medioambiental: a mobilización social en prol da natureza, neste caso dirixida contra unha Besta que representa claramente o sistema capitalista e os intereses das grandes empresas, que priman sobre o dereito á non contaminación e son un ataque contra a integridade da natureza e dos ecosistemas que sustenta.

A dimensión multidisciplinar da xustiza medioambiental tamén está representada nas antoloxías. O «Manifesto» asinado por Ramón Caside e Luís Mejuto é o maior expoñente, e ademais recolle reivindicacións como as presentadas no seo dos movementos activistas de finais do século pasado:

Queremos a dimisión dos responsables desta desfeita e a aclaración pública das responsabilidades de todos os implicados nela, para que leven a profundos cambios xurídicos e á dotación de medios precisos para que a catástrofe do Prestige sexa a derradeira.

Queremos o restablecemento da calidade ambiental e a finalización dos verquidos sen ralear custes económicos, porque a calidade de vida das xeracións futuras debe estar por riba de intereses particulares. Queremos ser tratados como cidadáns e nunca máis como súbditos. (AELG 2003, 92; Ramón Caside e Luís Mejuto, «Manifesto lido na capela de Nosa Señora da Lanzada o día 22 de xaneiro do 2003»)

Neste manifesto faise patente a complexidade que implica este tipo de xustiza. Por unha parte, inclúe a cuestión ecolóxica de respecto pola vida e pola natureza, recoñecendo o valor intrínseco das zonas afectadas e a necesidade e o dereito dun entorno limpo e seguro para a comunidade que habita nelas, especialmente tendo en conta o contexto interxeracional. Por outra parte, pon o foco nas dimensións política, xurídica e social, os outros factores fundamentais da xustiza medioambiental, que se materializan na esixencia de responsabilidades a todos os niveis, de cambios inmediatos e efectivos no marco legislativo e a reivindicación da dignidade e da igualdade para todas as comunidades. A esixencia de responsabilidades condúcenos á impunidade na que moitas veces resultan estes procesos, e que é tratada de xeito explícito por varios autores. Entre eles, Camilo Franco fala das estratexias levadas a cabo por grandes

corporacións e gobernos implicados na comisión de actos contra o medio ambiente, e que el atribúe aos gobernos responsables da xestión da crise, «a da distracción de datos, a da confusión das palabras, á da maquinaria pesada da propaganda» (AELG 2003, 24; Camilo Franco: «Longa noite de fuel»). Estas están destinadas a dificultar a acción da xustiza, e inclúen a manipulación dos datos ofrecidos ao público ou as presións para controlar as informacións publicadas polos medios. As empresas recorren ao entramado xeográfico e xurídico propiciado polo actual modelo económico mundial e de cara ao público lévanse a cabo campañas de *greenwashing*, para promover unha imaxe corporativa de respecto cara o medio ambiente.

O caso do Prestige pechouse xudicialmente cun só acusado atopado culpable, o capitán Apostolos Mangouras, de quen Xosé María Dobarro di «—traballador asalariado do mar— chivo expiatorio inxustamente encarcerado por ser o único coas ideas claras» (AELG 2003, 139; Xosé María Dobarro: «¡Anda xa!»). Cómpre sinalar que a súa condena foi por desobediencia ás autoridades portuarias, que emitiran a orde de que o petroleiro fose afastado da costa, e que o capitán se negou a acatar. Ninguén asumiu responsabilidades nin foi acusado formalmente polo desastre ecolóxico.

Ramón Caride adianta o resultado do proceso, describindo uns actores que se protexen e escusan mutuamente movidos por intereses comúns e procurando quedar á marxe dos procesos xudiciais:

disimulando infamias nun exercicio mutuo
de lesa impunidade negra
[...] podeades esmagarnos pero a razón é nosa
nosa é a voz sen voz do mar e dos malditos (Avilés de Taramancos et al. 2003, 48;
Ramón Caride, «Sempre e(n) nunca máis»)

Son actores que finalmente conseguen evadir calquera intento de levalos ante a xustiza e que pese á magnitude dos actos cometidos saen impunes grazas ao entramado político e corporativo; grazas ao exercicio do seu poder seguen a estar nunha posición dominante respecto dos movementos cívicos e sociais, que representan a verdade, a razón e os intereses medioambientais.

5.3 A PAISAXE

A destrución causada na paisaxe ten, ademais das evidentes implicacións ecolóxicas, outras de tipo social e antropolóxico. Como Rob Nixon sinala (2010, 17), «a vernacular

landscape, although neither monolithic nor undisputed, is integral to the socioenvironmental dynamics of community rather than being wholly externalized». A paisaxe vernácula é unha realidade inseparable da comunidade que a habita, e entre elas existe unha relación en constante cambio e desenvolvemento que esixe a renegociación e a readaptación dos termos en que está establecida. Estes cambios inclúen mudanzas sociais e culturais, sendo a máis recente a profunda renovación propiciada, paradoxalmente, pola globalización e o pulo que supuxeron no eido dos medios de transporte e da industria a chegada dos combustibles fósiles. Luís Tosar articula a crítica ao petróleo dende dúas frentes:

daquela, cando carrexabamos pedras, carbón e sal
nas gabarras, moito puntal e manga aberta.
E así, ata que viñeron os vapores e as motoras
para acabaren cos veleiros de andar garboso (Avilés de Taramancos et al. 2003, 85; Luís
Tosar, «Lembranza do mar e desolación do *jalipote*»)

En primeiro lugar, lamenta o impacto que tiveron os novos tipos de embarcación na comunidade mariñeira de Galicia, que polas súas características, especialmente pola incorporación do motor e as vantaxes que este supoñía sobre as embarcacións que empregaban o vento para moverse, substituíron a aquelas que se viñan empregando de xeito tradicional. A modernización do sector levou á perda de oficios, técnicas de pesca e costumes mariñeiras, que Tosar recolle neste poema con nostalxia. Na segunda parte do texto, a crítica vai dirixida ao impacto que a marea negra ten nesta visión do mar como espazo de traballo e de memoria: «arregados os que xogan contigo, connosco, / co vello mar de todas as lembranzas» (Avilés de Taramancos et al. 2003, 85; Luís Tosar, «Lembranza do mar e desolación do *jalipote*»).

O mar dentro dunha comunidade de ampla tradición mariñeira non é simplemente paisaxe, ou quizais deberíamos empregar unha definición de paisaxe máis ampla que incluíse nela a comunidade que a habita, que é inseparable dela e para a que constitúe moitas veces unha parte fundamental da súa identidade colectiva. Na zona costeira de Galicia unha gran parte da poboación ten no mar o seu sustento e modo de vida, un xeito de vivir herdado dos seus devanceiros.

Xosé Rivadulla relata a historia dunha familia na que é tradición bautizar ás crianzas nas augas do océano atlántico:

pero agora o mar Atlántico que baña o Coido, non está para bautizar e invadir de vida á recen nacida [...]. A nai de Lola respondeu: os meus avós, os meus pais, o

meu home, os meus irmáns e eu vivimos sempre gracias ao mar, e sei que tamén del vivirá a miña filla, porque ninguén máis nos dou xamais de comer, e porque agora estea enfermo non lle imos dar as costas. Traballaremos para limpalo e logo bautizarei a miña filla nel. (AELG 2003, 130; Xosé Rivadulla, «Lola na Praia do Coido»)

O mar do Coido constrúese neste fragmento como un espazo no que desenvolver unha tradición propia, que adquire o seu significado pola dimensión simbólica e real do mar como elemento que dá vida. Este mar está intrinsecamente ligado ao desenvolvemento dos costumes e da vida dunha parte importante da comunidade que o habita. Xoán Neira tamén aborda esta estreita relación no seu poema «As redeiras da noite»:

Cosen a memoria rota do mar,
unha puntada na rede, outra no horizonte
[...] habitan ausencias, nas pequenas casiñas
recostadas fronte á ría,
coas pupilas dilatadas de ronseis (AELG 2003, 118; Xoán Neira, «As redeiras da noite»)

Neira transforma unha imaxe ben recoñecible do mundo mariñeiro, a das redeiras reparando as redes, na imaxe dunhas redeiras que intentan coser os fíos da memoria para retratar o proceso de recuperación e reconstrución do espazo de memoria colectiva que constitúe o mar.

Rafael Vitorino Devos fala de ambientalización para referirse á toma de conciencia ambiental que xorde nunha comunidade tras un cambio importante no lugar que habita, e sostén que «nesse proceso de ambientalización ou de ecologización do mundo expresa-se o sentimento trágico de constatación de un destino, da finitude do mundo em que vivemos» (Devos 2009, 305). Este sentimento trágico queda moi ben reflectido na habitabilidade da ausencia que vén dada pola destrución do espazo en que se desenvolvía a vida das redeiras, unha realidade que muda coa chegada da marea negra a outra na que as dinámicas sociomedioambientais das que fala Nixon xa non poden ser renegociadas nin redefinidas, porque xa non é posible a adaptación a ese medio. Como afirma María do Cebreiro, «non falarei do mar: xa non se pode» (AELG 2003, 76; María do Cebreiro, «Poema de amor»).

O mar como o espazo no que se desenvolven non as actividades económicas e pesqueiras que sustentan a comunidade, senón como espazo de celebración de tradicións e de diálogo interxeracional e custodio da memoria colectiva quedou seriamente danado

co vertido de fuel, e o único xeito de recuperar estas manifestacións foi a limpeza e a recuperación do mar.

6. Conclusións

As dúas antoloxías estudadas constitúen unha boa mostra da creación literaria feita en Galicia sobre o desastre do Prestige e permiten facer unha achega ao discurso crítico e reivindicativo dos autores galegos. O feito de que o conxunto dos textos estea escrito en lingua galega é significativo, xa que representa a toma dunha determinada postura ideolóxica, especialmente considerando dúas cuestións: a posición periférica de Galicia e da lingua galega dentro da constitución do Estado Español e a reivindicación recollida nos textos de respecto e recoñecemento dunha identidade colectiva cuxo maior expoñente é precisamente a lingua.

Negra Sombra e *Alma de Beiramar* convértense así nun proxecto ideolóxico, que procura dar voz no ámbito artístico e literario a un desastre que tivo un profundo impacto ecolóxico, social, económico e político en Galicia e aos movementos cívicos e sociais que xurdiron de xeito espontáneo en resposta a esta inxustiza e aos plans ineficaces das autoridades. Tamén se consolidan como un lugar de memoria onde articular e atesourar diferentes experiencias e puntos de vista sobre o desastre, contribuíndo así á fixación e á pervivencia da memoria colectiva do Prestige.

Unha das estratexias literarias máis empregadas polos autores é o diálogo constante con obras e autores clave para a consolidación da literatura e da cultura galegas e que son considerados case como símbolos identitarios de Galicia. Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas ou Antón Avilés de Taramancos, entre outros moitos, son citados ou reformulados nestes poemas. Este diálogo establece unha continuidade entre as reivindicacións políticas e culturais históricas e as actuais e tamén exerce un efecto lexitimador na literatura contemporánea precisamente pola posición que estes autores ocupan na historia cultural e literaria de Galicia. Pese a que o emprego recorrente de figuras canónicas podería ser un indicador da dependencia da literatura actual galega dunha etapa anterior da literatura, neste caso a dirección á que apunta é á de enmarcar as reivindicacións xurdidas a raíz do caso do Prestige nunha corrente reivindicativa de longo percorrido en Galicia.

No conxunto dos poemas, son moitas e diversas as perspectivas que cada autor achega sobre o tema, sendo as principais liñas temáticas tratadas as desenvolvidas neste traballo: a violencia e o dano causados ao medio ambiente e a perda do espazo natural canto á súa función imprescindible como sustento dos ecosistemas que a habitan, pero

tamén canto ao lugar no que se desenvolve a vida e as actividades da comunidade humana asentada e como espazo de creación e preservación de memoria e encontro interxeracional; a crítica política a todos os niveis, dende o sistema de tendencia globalizante e capitalista que opera a nivel transnacional ata o funcionamento dos gobernos estatal e autonómico como instrumentos deste sistema e o seu ineficaz tratamento da crise; o movemento cidadán nacido da determinación dunha grande parte da poboación de involucrarse no caso e de ser parte da solución e que, malia ter sido de curto percorrido, cumpriu cos seus obxectivos realizando tarefas de limpeza nas zonas afectadas, conseguindo cambios na lexislación para aumentar o nivel de seguridade dos buques petroleiros e sobre todo levando a súa mensaxe concienciadora á sociedade, que respondeu á irresponsabilidade política de xeito democrático nas eleccións dos anos 2004 e 2005, se ben ningún dos axentes políticos implicados asumiu responsabilidades penais polo acontecido.

En todos os autores que participaron na escritura das antoloxías é visible unha liña discursiva diverxente ou, na maior parte dos casos, contraria aos discursos oficiais e de carácter reivindicativo e contestatario no tratamento da crise. Nestes casos, ponse o foco nas desigualdades de oportunidades, axudas e medios sentidas pola sociedade galega, precisamente pola posición periférica que ocupa dentro do Estado, e dende a poesía reclámase o tratamento igualitario e equiparable de todos os cidadáns. En moitos textos, este contradiscurso deixa paso a unha crítica de carácter marcadamente político e nacionalista onde está presente a idea da autodeterminación do pobo galego que leva á chamada á constitución de Galicia como república e que defende unha parte significativa dos escritores.

En canto ao discurso medioambientalista, faise patente ao longo das obras a intención dos autores de contribuír a un proxecto moito maior que as propias antoloxías, que é o de articular e recoller mediante os seus textos un sentir común a moitas persoas dentro e fóra de Galicia. Isto é posible outorgándolle voz ao mar, á natureza, ao medio ambiente e tamén a todos os individuos anónimos que compartiron a preocupación e a indignación polo desenvolvemento dos acontecementos. O mar constitúe nas dúas antoloxías un elemento protagonista e omnipresente, e ponse de relevo a súa importancia para toda forma de vida e o seu carácter como elemento simbólico de Galicia.

A preocupación pola cuestión do petróleo non é tratada de xeito inxenuo nin inocente, senón que está moi presente a procura do equilibrio entre os modos de vida actuais e o emprego responsable do petróleo e o completo rexeitamento ás prácticas abusivas que as grandes compañías e os gobernos exercen contra as comunidades humanas, o medioambiente, os ecosistemas e a integridade do planeta amparados por un sistema global capitalista.

7. Referencias

- Aghoghovwia, Philip Onoriode. 2014. *Ecocriticism and the Oil Encounter: Readings from the Niger Delta*. Stellenbosch: Stellenbosch University.
- Asociación de Escritores en Lingua Galega. 2003. *Alma de Beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra*. Vigo: A Nosa Terra.
- Avilés de Taramancos et al. 2003. *Negra sombra: intervención poética contra a marea negra*. Santiago de Compostela: Federación de Libreiros de Galicia; A Coruña: Espiral Maior; Vigo: Xerais.
- Barberena Fernández, Teresa. 2015. *A construción do significado da protesta na crise do Prestige. Análise das axendas, os marcos e os discursos de Nunca Máis e dos medios de comunicación*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.
- Beiras, Xosé Manuel. 2003. *A catástrofe do Prestige*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Buell, Frederick. 2012. «A Short History of Oil Cultures: Or, the Marriage of Catastrophe and Exuberance». *Journal of American Studies* 46: 273-293.
- Castro, Rosalía de. 1888. *Follas novas*. A Habana: La Propaganda Literaria.
- Devos, Rafael Victorino. 2009. «A crise ambiental sob a perspectiva da memória e dos itinerários no mundo urbano contemporâneo». *Ambiente e Sociedade* 12 (2): 293-306.
- Estok, Simon. 2005. «An Introduction to Shakespeare and Ecocriticism: The Special Cluster». *Interdisciplinary Studies in Literature and Environment* 12 (2): 109-117.
- Flys Junquera, Carmen. 2010. «Literatura, crítica y justicia medioambiental». En *Ecocríticas. Literatura y medio ambiente*, editado por Carmen Flys Junquera, José Manuel Marrero Henríquez e Julia Barella Vidal, 86-119. Madrid: Iberoamericana Vervuert.
- Garrard, Greg. 2012. *Ecocriticism*. Nova York: Routledge.

- Glotfelty, Cheryll. 1996. «Introduction: Literaray Studies in an Age of Environmental Crisis». En *The Ecocriticism Reader*, editado por Cheryll Glotfelty e Harold Fromm, xv-xxxvii. Athens: University of Georgia Press.
- González, Juan José *et al.* 2006. «Spatial and temporal distribution of dissolved/dispersed aromatic hydrocarbons in seawater in the area affected by the *Prestige* oil spill». *Marine Pollution Bulletin* 53 (5-7): 250-259.
- Löschnigg, Maria. 2017. «‘Sublime Oilscapes’: Literary Depictions of Landscapes Transformed by the Oil Industry». *Anglia* 135 (3): 543-560.
- Love, Glenn. 1996. «Revaluing Nature: Toward an Ecological Criticism». En *The Ecocriticism Reader*, editado por Cheryll Glotfelty e Harold Fromm, 225-240. Athens: University of Georgia Press.
- Macdonald, Graeme. 2012. «Oil and World Literature». *American Book Review* 33 (3): 7-31.
- Macdonald, Graeme. 2017. «‘Monstruous transformer’: petrofiction and world literature». *Journal of Postcolonial Writing* 53 (3): 289-302.
- Manfredi, Camille. 2015. «Scottish Petroliterature 1993-2003: Poetics of an Oil Spill». En *Environmental and Ecological Readings. Nature, Human and Posthuman Dimensions in Scottish Literature*, editado por Philippe Laplace, 249-261. Besançon: Presses Universitaires de Franche-Comté.
- García Mira, Ricardo, ed. 2013. *Lecturas sobre el desastre del Prestige. Contribuciones desde las Ciencias Sociales*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Ghosh, Amitav. 1992. «Petrofiction: The Oil Encounter and the Novel». *The New Republic*, 2 de marzo, 29-33.
- Nixon, Rob. 2011. *Slow Violence and Environmentalism of the Poor*. Cambridge, Mass.: Harvard University Press.
- Rubinstein, Michael. 2014. «Petro-». <https://stateofthediscipline.acla.org/entry/petro>.

- Soriano, José Antonio et al. 2006. «Spatial and temporal trends of petroleum hydrocarbons in wild mussels from the Galician coast affected by the *Prestige* oil spill». *Science of The Total Environment* 370 (1): 80-90.
- Szeman, Imre. 2012. Introduction to Focus: Petrofictions. *American Book Review* 33 (3): 3.
- Trevathan, John. 2016. «Nunca Más: Ecological Collectivism and the Prestige Disaster». *Hispanic Issues* 42: 35-48.